

II CONVOCATORIA QUINQUENAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO POR MEDIO DO PROGRAMA DOCENTIA

O desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior ten a promoción da calidade nas Universidades como un dos eixos de desenvolvemento. Concretamente, a European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) recomenda que se asegure a calidade dos docentes, como un dos estándares para a garantía da calidade universitaria. O programa Docentia responde á directriz sinalada e aos requisitos recollidos na Lei Orgánica de Universidades (LOU), sobre a obrigatoriedade da avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario. No Programa Docentia da Universidade de Vigo propónse os seguintes obxectivos:

- Obter información contrastada e normalizada sobre os labores de planificación da docencia, desenvolvemento do ensino e resultados académicos e de satisfacción obtidos polo profesorado.
- Utilizar esta información para a avaliación do profesorado.
- Recoñecer os labores de mellora da calidade da docencia e de innovación docente.
- Definir e organizar os plans de formación do profesorado e outras actividades que no futuro queiran aprobar os órganos competentes.

Este programa ten dúas vertentes diferenciadas e complementarias: unha avaliación obrigatoria anual e unha quinquenal obxecto desta convocatoria que abranguerá os anos 16-17, 15-16, 14-15, 13-14, 12-13.

Os obxectivos e consecuencias da avaliación son as determinadas no manual do programa que foi aprobado inicialmente en Consello de Goberno o 17 de xullo de 2015 e modificado en Consello de Goberno o 13 de novembro de 2018:

<https://novo.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-11/Manual%20DOCENTIA%2018-19.pdf>

1. Requisitos das persoas solicitantes

O procedemento de avaliación é de aplicación a todo o profesorado que imparte docencia en calquera dos ensinos oficiais dos centros propios da Universidade de Vigo, de acordo co Plan de Ordenación Docente (POD).

Tal e como se establece no manual, para poder acceder á convocatoria quinquenal voluntaria, o profesorado deberá acreditar

- A impartición de 150 horas no conxunto dos 5 anos e polo menos un mínimo de 30 horas en 3 do período avaliado.

- Ter resultados nas enquisas de avaliación docente nos 5 cursos avaliados. O modelo marco do programa Docentia establece que as opinións do estudantado son un elemento básico da avaliación do profesorado.

Para garantir a sustentabilidade do proceso e axeitarse aos recursos existentes, a avaliación quinquenal do curso 18-19 quedará limitada a un máximo de 250 solicitudes, que se ordenarán de acordo coa seguinte preferencia establecida no manual:

1. O profesorado que nunca se someteu á avaliación, xa que é intención da Universidade de Vigo que todos os seus docentes pasen por ela a medio prazo.
2. O profesorado que non obtivese un resultado positivo.
3. O profesorado que obtivese xa un tramo.

O profesorado ordenarase, dentro de cada un destes apartados, segundo a puntuación obtida de maior a menor na convocatoria anual do programa para o curso 16-17.

Formaranse 4 comisións, unha por ámbito, sempre que haxa un mínimo de 10 solicitudes por cada un destes ámbitos. O profesorado que non poida ser avaliado un ano, por non existir ese mínimo determinado, terá preferencia para a convocatoria do ano vindeiro.

2. Comisión de selección

Designarase unha comisión por rama de coñecemento que contará cun presidente/a, secretario/a e vogais. Como mínimo, a composición será a seguinte:

- Presidente: Profesor/a da rama de coñecemento específica.
- Cinco vogais (que poderán ampliarse na mesma proporción en función do número de solicitudes de avaliación presentadas por rama):
 - Dous profesores/as da Universidade de Vigo nomeados polo reitor (designados polo Consello de Goberno a proposta do reitor). Un deles actuará como Secretario/a.
 - Dous profesores/as non pertencentes ao Sistema Universitario Galego, nomeados polo reitor a proposta de ACSUG.
 - Un/unha estudante/a da Universidade de Vigo nomeado polo reitor (designado polo Consello de Goberno a proposta de reitor).

3. Criterios de avaliación

A documentación necesaria para a realización da avaliación quinquenal será a seguinte:

- informes institucionais dos últimos cinco cursos académicos
- autoinforme do profesorado
- informe dos/as responsables académicos
- cartafol de material docente presentado polo profesorado no que se inclúe unha guía docente e o material docente dunha materia seleccionada polo/a profesor/a, impartida no período que se avalía.

A aportación por parte do profesorado avaliado do autoinforme e do cartafol docente é obrigatoria. A súa non presentación implica a exclusión do proceso de avaliación.

A valoración da documentación achegada será realizada polas comisións de avaliación da docencia (CAD) creadas para ese efecto. Terase en conta a seguintes ponderación:

- 50% Informes institucionais dos últimos cinco cursos académicos.
- 25% Autoinforme do profesorado
- 25% Cartafol de material docente dunha materia

A CAD recibirá unha nota correspondente aos informes institucionais sobre a que non poderá intervir. E levará a cabo a avaliación do Autoinforme e do Cartafol seguindo as rúbricas que se atopan no anexo 1 e 2 desta convocatoria. Estas rúbricas foron aprobadas pola Comisión Académica de Calidade na sesión celebrada o 18 de febreiro de 2019

4. Presentación de solicitudes

A solicitude debe cubrirse a través da aplicación informática dispoñible en <https://www.qdsug.es/docentia/uvi/> entre o 22 de marzo e o 15 de abril de 2019, ambos incluídos (a primeira vez débese premer en “Rexistro de solicitantes” para recibir a clave de acceso por correo electrónico). Unha vez feita a solicitude, a aplicación xerará un impreso que debe presentarse, antes das 14 horas do día 15 de abril de 2019, no Rexistro Xeral (Edificio Exeria, Campus Universitario 36310 Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015.

A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.

5. Fases do proceso de avaliación

O desenvolvemento da avaliación realizarase conforme ao establecido na paxina 26 e seguintes do manual do programa:

<https://novo.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-11/Manual%20DOCENTIA%2018-19.pdf>

De maneira esquemática realizarase do seguinte xeito:

1. Elaboración pola Área de Calidade dos informes institucionais dos últimos cinco cursos académicos. Nesta convocatoria deberán elaborarse os informes anuais dos cursos 2013-2014 e 2012-2013 xa que dos cursos 2016-2017, 2015-2016 e 2014-2015 xa teñen informes definitivos de avaliación.
2. Publicación pola Área de Calidade dos informes de avaliación institucionais dos cursos 2013-2014 e 2012-2013 e apertura do período de consultas e reclamacións.

Edificio Filomena
Dato, 1º andar
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 897

calidade.uvigo.gal/calidade
uacalidade@uvigo.es
seccalidade@uvigo.es

3. Elaboración polo profesorado admitido no proceso de avaliación do Autoinforme do profesorado (segundo a páxina 36 do manual de avaliación) e aportación do acceso ao Cartafol docente dunha materia seleccionada polo/a profesor/a e impartida no período que se avalía (segundo a páxina 52 do manual de avaliación), na aplicación informática <https://www.qdsug.es/docentia/uvi/>.
4. Elaboración polos responsables académicos do informe de avaliación.
5. Valoración polas comisións de avaliación de todas a documentación achegada con utilización das rúbricas recollidas no anexo 1 e 2 desta convocatoria (segundo a páxina 58 do manual de avaliación).
6. Elaboración polas comisións de avaliación do informe de avaliación (segundo a páxina 68 do manual de avaliación)
7. Publicación pola Área de Calidade do informes de avaliación provisionais e apertura do período de alegacións e reclamacións sobre a avaliación realizada polas comisións de avaliación.
8. Publicación pola Área de Calidade do informes de avaliación definitivos.

Vigo, 22 de marzo de 2019

O Secretario Xeral da Universidade de Vigo

Miguel Ángel Michinel Álvarez